

ACTA DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DO CLUBE DE MONTAÑA XISTRA, CELEBRADA NO SALÓN DE ACTOS DO EDIFICIO DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS, RÚA FOTÓGRAFO LUÍS KSADO 17, DE VIGO O DÍA 20 DE ABRIL DE 2024 ÁS 19:00 HORAS, EN SEGUNDA CONVOCATORIA.

Asistentes
<u>Presidente/a</u> D. Henrique Freixeiro
<u>Directivos/as asistentes</u> D ^a . Begoña Landesa Torrado D. Raúl Leirós Gutiérrez
<u>Directivos que escusan a asistencia</u> D. José Miguel Merino D ^a . María Luisa Martínez D. Angel Gonzalez D. José Carlos Senovilla
<u>Socios/as asistentes</u> D. Xosé Lois Freixeiro D. José do Pazo D. Antonio Iglesias D. Raúl Lago D. José Álvarez Rodríguez D. Julio Fernández Oitaben D. Dionisio Soto Amil D. Manuel Martínez Núñez D ^a . Rosa López Ledo D. Alexandre Freixeiro (sen voto)

Iníciase a Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada polo Presidente a tal efecto, co seguinte

ORDE DO DÍA

1 Comunicación de cambios na Xunta Directiva.....	1
2 Lectura e aprobación, se procede, do Regulamento Interno Especial de Membros da Entidade.....	2
3 Aprobación, se procede, das Cotas sociais para Membros Simpatizantes en 2024 e 2025.....	2
4 Aprobación, se procede, das Cotas sociais para o resto dos Membros da entidade en 2025.....	2
5 Aprobación, se procede, da Subvencións especiais a deportistas 2024.....	3
6 Aprobación, se procede, de Subvencións a deportistas 2025.....	3
7 Aprobación do novo Regulamento de Concursos de Montañismo.....	4
8 Aprobación do Nomeamento de Socios Honorarios 2024..	4
9 Outros temas.....	4
10 Anexos Asemblea.....	5
10.1 Anexo 1 – Regulamento Interno de Membros da Entidade.....	5
1.- Sobre os Socios de número.....	5
2.- Sobre os Socios aspirantes.....	5
3.- Sobre os Socios honorarios.....	5
3.1.- Por mérito social.....	6
3.2.- Por experiencia e madurez.....	6
4.- Sobre os Afiliados.....	6
5.- Sobre os Simpatizantes.....	6
5.1.- Persoas físicas.....	7
5.1.1.- Simpatizantes persoas físicas, con pago de cota anual.....	7
5.1.2.- Simpatizantes persoas físicas, sen pago de cota anual.....	7
5.2.- Persoas xurídicas.....	7

SESIÓN

Comunicada polo Secretario a súa ausencia a esta Asemblea Extraordinaria, fai as funcións de secretaria accidental para a elaboración desta acta D^a. Begoña Landesa.

1 Comunicación de cambios na Xunta Directiva.

O Presidente informa da solicitude de baixa por motivos persoais dalgúns membros da Xunta Directiva precedente.

Por este motivo o Presidente informa da decisión adoptada ó respecto, e dos novos cargos aceptados polas persoas elixidas.

Tamén se comunican aqueles cargos que se consideran relevantes e que neste momento están vacantes.

Nova Xunta Directiva, con vixencia dende este día e pendente de comunicar á Federación Galega de Montañismo e ó Rexistro de Entidades Deportivas:

Xosé Henrique Freixeiro	Presidente/a
Begoña Landesa	Vicepresidente/a
José Miguel Merino	Secretario/a
María Luísa Martínez	Tesoureiro/a
Raúl Leirós	Director/a Técnico/a
Angel González	Vogal Carreiras por Montaña
J.Carlos Senovilla	Vogal
–	Vogal Barrancos
–	Vogal Actividades de Montaña
–	Vogal Actividades Infantís e Xuvenís
–	Vogal Marchas e Campamentos
–	Vogal Esquí de Montaña

2 Lectura e aprobación, se procede, do Regulamento Interno Especial de Membros da Entidade.

O Presidente dá lectura ó citado regulamento. Este documento, igual que os restantes desta Asemblea Extraordinaria, xa fora remitido coa convocatoria e estaba dispoñible para o seu estudo na web da entidade.

Trala lectura o Sr. José do Pazo fai unha observación sobre o dereito de voz e voto no apartado de “Simpatizantes persoas físicas, con pago de cota anual”, modificación que se somete á Asemblea e que é aceptada polos asistentes.

O Regulamento é votado e queda aprobado por unanimidade. Inclúese como Anexo nesta Acta, despois da modificación anterior xa recollida, para que quede convenientemente inscrito no libro de Actas.

3 Aprobación, se procede, das Cotas sociais para Membros Simpatizantes en 2024 e 2025.

Establécense as seguintes cotas sociais:

* Simpatizantes persoas físicas, con pago de cota anual.

Establécese unha cota anual de 30 euros anuais para os exercicios naturais de 2024 e de 2025.

* Simpatizantes persoas xurídicas.

Establécese unha cota anual mínima de 100 euros anuais para os exercicios naturais de 2024 e de 2025, podendo aumentar de forma voluntaria en tramos de 100 euros. As súas colaboracións económicas serán consideradas sempre como axudas económicas finalistas destinadas a persoas físicas deportistas, polo que estarán exentas de IVE e non haberá obriga de emitir facturas, pero si recibín xustificativo.

Vótase este punto e queda **aprobado por unanimidade.**

4 Aprobación, se procede, das Cotas sociais para o resto dos Membros da entidade en 2025.

Propóñense as seguintes cotas:

* Cotas sociais xerais para 2025: 30 euros/persoa

* Cotas sociais socios aspirantes para 2025: 20 euros/(nenos/as-xoves)

Vótase este punto e queda **aprobado por unanimidade.**

5 Aprobación, se procede, da Subvencións especiais a deportistas 2024.

Proponse a seguinte axuda:

* Tendo o proxecto para 2024 dunha nova ascensión no Himalaia de Don Roberto López sométese á aprobación da Asemblea Xeral Extraordinaria dunha subvención para axudar na tramitación da licenza deportiva tipo E (mundial con montañas de máis de 7000 metros de 874 €).

* O importe proposto é de 400 € de axuda.

* O beneficiario deberá aportar Proxecto e Memoria da actividade, e facer publicidade nos medios de comunicación da súa afiliación a Xistra e do patrocinio recibido.

Vótase este punto e queda **aprobado por unanimidade**.

6 Aprobación, se procede, de Subvencións a deportistas 2025.

Propóñense as seguintes axudas para 2025:

* As cotas e licenzas para infantís tramitadas antes do 31/01/2025 serán subvencionadas ata quedar nun pago único de 1 € (un euro), para as licenzas tipo A e B.

* As cotas e licenzas para xuvenís tramitadas antes do 31/01/2025 serán subvencionadas ata quedar nun pago único de 15 € (quinze euros), para as licenzas tipo A e B.

* Fóra do mes de xaneiro, se algún proxenitor dos infantís e/ou xuvenís está federado no club, recibirá un desconto de 10 € (dez euros) na cota social do menor.

* Os socios de número e os aspirantes que teñan pagada a cota social anual, poderán beneficiarse dunhas subvencións a fin de ano segundo a seguinte táboa:

Por	Subvención de
5 Puntos	10,00 €
10 Puntos	20,00 €
15 Puntos	30,00 €

- Que eventos dan puntos?

- 1 punto por finalización dunha proba de calquera competición da FGM ou FEDME.
- 1 punto por participación nunha proba clásica da FGM (Marcha de veteranos, Día do sendeirista, Descenso de barrancos, Marcha de raquetas, Travesía de esquí).
- 1 punto por finalización dunha marcha da FGM ou FEDME.
- 1 punto por participación nos eventos do calendario oficial do club ou validadas como tal (Marcha nocturna, Marcha de resistencia 60 km, ascensións programadas, andaina tudense, etc...) Serán identificadas a este efecto cando se publiciten.
- 1 punto por asistencia as Asembleas.
- 2 puntos por asistencia á Cea Anual.
- 2 puntos por rematar un Concurso Social.

(Finalizando o ano haberá que remitir os documentos de participación, inscricións, diplomas de finalización, etc. para poder ser valorados)

Nota: Non contan os cursos da EGAM (FGM)

Vótase este punto e queda **aprobado por unanimidade**.

7 Aprobación do novo Regulamento de Concursos de Montañismo.

Despois dunha revisión do vixente Regulamento, acórdase aumentar o Concurso de Parellas de Montes para as categorías Sénior.

O Presidente comunica os formatos habituais para concursar e comenta que sería desexable a súa difusión e unha maior participación.

Os cambios son aceptados polos asembleístas.

8 Aprobación do Nomeamento de Socios Honorarios 2024.

Segundo os Estatutos sociais e logo da aprobación hoxe do Regulamento Interno Especial de Membros da Entidade, o Presidente, en aplicación do punto 3.2 do citado Regulamento, proclama Socios honorarios dende xa ós seguintes socios por seren maiores de 80 anos e ter unha antigüidade na entidade superior a 25 anos ininterrompidos:

- Don Ricardo Echevarría Covelo
- Don Xosé Lois Freixeiro López
- Dona María Teresa Cameselle Rodríguez

Estes títulos serán vitalicios e figurarán inscritos nas Actas do Club e no Rexistro de Socios da entidade.

Sen outros asuntos que tratar, e sendo as 20:30 horas do día 20 de abril de 2024 procédese a dar por finalizada a Asemblea Xeral Extraordinaria, do cal eu, D^a. María Begoña Landesa Torrado, coma Secretaria accidental dou fe co visto e prace do Presidente.

Sinaturas:

D ^a . María Begoña Landesa Torrado	D. X. Henrique Freixeiro Cameselle
Secretario/a da reunión da Xunta Directiva	Co Vº e Prace do/a Presidente/a

8.1 Anexo 1 – Regulamento Interno de Membros da Entidade.

Regulamento Interno Especial de Membros da Entidade.

Os tipos de membros do Clube de Montaña Xistra están recollidos nos vixentes Estatutos do Club, dentro de Capítulo II. Este regulamento complementa ós Estatutos pero estes prevaleceran sobre o presente Regulamento en caso de conflito entre ambos.

O Clube de Montaña Xistra reconece os seguintes membros da entidade:

- Socios de número.
- Socios aspirantes.
- Socios honorarios.
- Afiliados.
- Simpatizantes.

As súas características, dereitos e obrigacións quedan recollidas no Capítulo II dos Estatutos. Neste Regulamento ampliáanse as características de cada tipo de membros.

1.- Sobre os Socios de número.

Son socios de número tódalas persoas físicas maiores de idade, que satisfagan a cota social establecida pola Asemblea Xeral e tramiten unha licenza e/ou seguro deportivo a través desta entidade.

Serán inscritos no Rexistro de Socios da entidade.

2.- Sobre os Socios aspirantes.

Os menores de 18 anos, clasificaranse como socios aspirantes, tendo dereito ó uso das instalacións sociais mediante a cota que se fixe, cunha licenza e/ou seguro deportivo a través desta entidade, e pasarán automaticamente a ser socios de número ó cumpriren a maioría de idade.

Serán inscritos no Rexistro de Socios da entidade.

Os socios aspirantes deberán ter sempre unha licenza deportiva tramitada a través do noso club na Federación deportiva correspondente.

A Xunta Directiva pode establecer axudas e subvencións co fin de potenciar o incremento de número de socios aspirantes.

3.- Sobre os Socios honorarios.

Serán socios honorarios aquelas persoas ás que a Asemblea Xeral confira esta distinción e terán un posto de preferencia en tódolos actos oficiais da sociedade.

Este título será inscrito nas Actas do Club e no Rexistro de Socios da entidade.

Beneficio por ser Socio honorario:

- O título será vitalicio.
- Terán os mesmos dereitos que os socios de número mentres non abdiquen dos mesmos, e non terán a obriga de abonar a cota anual nin teñen obriga de tramitar unha licenza deportiva, agás que realicen algunha actividade deportiva para a que sexa obrigatorio o citado seguro.

Acceso ó título de Socio honorario:

3.1.- Por mérito social.

Poderán proponse o nomeamento de socios honorarios o Presidente da entidade, a Xunta Directiva por acordo de maioría simple, ou por solicitude de membros da Asemblea que sexan dun mínimo de dez socios de número. Os socios honorarios están incapacitados para avalar calquera solicitude doutro socio para este honor.

Só poderá ser aprobada unha solicitude por mérito social dentro dun ano natural.

A aprobación do nomeamento será acadado en Asemblea Xeral mediante os votos de máis de dous terzos do quórum presente.

3.2.- Por experiencia e madurez.

Os socios maiores de 80 anos e que sexan socios da entidade durante 25 anos ininterrompidos, recibirán a aprobación de Socios honorarios por proclamación do Presidente nunha Asemblea Xeral da entidade.

Para este acceso por experiencia non haberá límite de candidatos dentro do ano natural.

4.- Sobre os Afiliados.

Serán afiliados aquelas persoas que, non tendo a plenitude de dereitos e obrigas dos socios, se inscriban en calquera momento, incluso de forma temporal, coma deportistas na entidade, para calquera proba, evento, curso, ou actividade promocional deportiva, e sempre deberán subscribir o correspondente seguro deportivo obrigatorio segundo a Lei vixente.

Non haberá obrigación de inscribilos no Rexistro de Socios da Entidade, se ben poden estar recollidos noutro rexistro de Afiliados.

Os seus dereitos e obrigas están recollidos nos Estatutos do club.

5.- Sobre os Simpatizantes.

Son simpatizantes aquelas persoas físicas ou xurídicas que se inscriban en calquera momento, incluso de forma temporal, como colaboradores, axudantes ou voluntarios, aportando axuda persoal e/ou económica á entidade pero sen ter obriga de tramitar un seguro de accidentes deportivo.

Non haberá obrigación de inscribilos no Rexistro de Socios da Entidade, se ben poden estar recollidos noutro rexistro de Simpatizantes.

Para estes membros da entidade serán de aplicación preferente as Leis correspondentes ó Voluntariado e ó Mecinado.

5.1.- Persoas físicas.

Aportarán principalmente axuda persoal para o desenvolvemento de actividades deportivas.

5.1.1.- Simpatizantes persoas físicas, con pago de cota anual.

- Só poderán ser simpatizantes con pago de cota anual aquelas persoas que antes foron socios de número e que por circunstancias persoais decidan acollerse temporalmente a este sistema de asociación.
- Pagarán a cota anual aprobada anualmente, igual a dos socios de número.
- Non necesitarán tramitar a licenza no club.
- Non poderán recibir subvencións do club.

- Recibirán comunicacións e informacións das actividades sociais como os socios de número.
- Poderán asistir ás Asembleas Xerais, con voz e voto.
- Poderán participar como deportistas da entidade sempre que teñan vixente un seguro deportivo adecuado para a mesma, ou solicitar á entidade o seu trámite previo pago do importe correspondente.

5.1.2.- Simpatizantes persoas físicas, sen pago de cota anual.

- Non pagarán a cota anual.
- Non necesitarán tramitar a licenza no club.
- Non poderán recibir subvencións do club.
- En caso de querer colaborar nunha actividade social ou deportiva como colaboradores, axudantes ou voluntarios, aportando axuda persoal, a entidade tramitaralles sen custo un seguro deportivo de accidentes adecuado para o evento.
- Estarán cubertos por unha póliza de Responsabilidade Civil durante a súa axuda.
- Poderán percibir material e/ou compensación económica polos gastos propios orixinados pola súa colaboración, en consonancia coa Lei do Voluntariado.

5.2.- Persoas xurídicas.

- Pagarán a cota aprobada anualmente para estas entidades.
- Non terán os dereitos dos socios de número.
- Non poderán recibir subvencións do club.
- Recibirán comunicacións e informacións das actividades sociais.
- Poderán dar publicidade á súa colaboración económica de forma similar ós parámetros da Colaboración Empresarial recollida na Lei do Mecenado, sen consideralo como publicidade.
- Como consecuencia de que o Clube de Montaña Xistra non está recollida como entidade beneficiaria da Lei do Mecenado, as colaboracións dos simpatizantes persoas xurídicas non poderán ser consideradas como bonificadas no seu Imposto de Sociedades.
- As súas colaboracións económicas serán consideradas sempre como axudas económicas finalistas destinadas a persoas físicas deportistas, polo que estarán exentas de IVE¹ e non haberá obriga de emitir facturas².

Regulamento aprobado en Vigo o día 20 de abril de 2024.

Entrou en vigor no momento da súa aprobación.

1 • Operación Exenta de IVE

• Exención segundo o Art.20.13 e similares da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido. Exentos os servizos prestados a persoas físicas que practiquen o deporte ou a educación física, calquera que sexa a persoa ou entidade a cuxo cargo se realice a prestación, sempre que tales servizos estean directamente relacionados con dichas prácticas.

2 • Non obrigación de emisión de factura

• Excepción da obriga de emisión de factura segundo o Art. 3.1.a) do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación; salvo nos supostos contidos no propio artigo.